

FEIJOO NOEL TRAE AGASALLOS RÉCORD

“(No Estado) as esperanzas de ver por fin un cambio de tendencia no mercado de traballo están en comprobar se o ciclo de creación de emprego se adianta a febreiro ou marzo. Un dato positivo que indica que podería ser así é que a virulencia de destrucción de emprego amainou bastante. No caso galego en cambio haberá que ser máis prudentes. A economía galega perdeu no último ano o diferencial positivo que mantiña fronte á economía española. Esperemos que o mal comportamento non supoña batir nos vindeiros meses o noso particular récord histórico de parados”. Con estes bos desexos rematei a miña última colaboración en Xornal, hai 2 meses, colaboración que tiven que interromper por unha boa causa pero que tentarei retomar sempre que poida entre couro e couro...

Os datos de paro rexistrado publicados esta semana teñen un sabor agridoce. As esperanzas de ver ese cambio de tendencia que apuntabamos para o mercado laboral español víronse fortemente alimentadas polo mellor mes de decembro en 10 anos. Un mes que serve para pechar ademáis o mellor último trimestre da década, cunha subida do paro de só o 2% nos meses posteriores ao verán, habitualmente os máis destructores de emprego. Falar do “último ano de crise para o paro”, que apuntaba esta semana o Goberno, empeza a ser crible.

En cambio, os datos en Galicia non poden ser máis decepcionantes. Có peche do exercicio 2010 queda constatado o cambio de ciclo a peor da economía galega en comparación coa española: un ciclo iniciado en setembro de 2009, cando o PIB galego toca fondo –pechaba o primeiro trimestre en anos nos que a economía galega medraba menos que a española- e no mercado de traballo principia unha xeira de destrucción de emprego que leva á nosa economía a comportarse peor que a española por primeira vez en 5 anos. Cós datos de decembro 2010 acumulamos xa un diferencial negativo do 10%.

Pero como mellor se visualiza o difícil momento que atravesamos o noso mercado laboral é facendo mención aos datos récord cós que o goberno de Núñez Feijoo agasalla este Nadal aos galegos: 1.- récord histórico de parados, 237.313, unha marca que anticipa sería difícil de evitar ata marzo, pero que só tardou 2 meses en caer; 2.- decembro de 2010 é o segundo peor mes para o emprego en Galicia en comparación có Estado en máis de 5 anos, só superado por... novembro de 2010; 3.- o terceiro peor trimestre da década en comparación có Estado, cunha destrucción de emprego 8 puntos superior ao mercado laboral español, só superado polos datos do 4T 2004 e 4T 2005; e por último, o peor ano da última década, cun incremento do paro un 2% superior ao do total do Estado, que ven a poñer fin a un ciclo de 5 anos onde o mercado laboral galego se comportaba claramente mellor que o español.

Todos estes datos apuntan ademáis a un forte parón da economía galega que se traduciría nun novo peor dato de PIB no último trimestre do ano 2010 en comparación có Estado. Por iso non deixa de ser sorprendente que o Goberno de San Caetano comece agora a botarlle a culpa dos males do noso mercado laboral ao Goberno de Rodríguez Zapatero, xusto cando en España as cousas empezan a amainar e o comportamento relativo do mercado laboral galego empeza a poñer en evidencia os resultados da política de ‘cerrado por derribo’ da Xunta de Galicia estes últimos dous anos.